

**Acta núm. 13/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 26 de maio de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 26 de maio de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2020, DO 20.05.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE TERRAZAS.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2020, DO 20.05.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20.05.2020, acta núm. 12/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUIS BAO VALIÑO, na que comunica que pretende realizar as seguintes obras de conservación, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual, nunha vivenda sita en Guitiande nº 60 - Os Ánxeles.

- Reparar a cuberta colocando illamento, impermeabilización e tella do país sobre pranchas de fibrocemento.
- Limpeza e pintado das fachadas.

A parcela onde se empra a edificación (referencia catastral nº7048918NH2474N0000TH) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e sitúase dentro da aldea de Guitiande, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como AE4, e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 128,16 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 192,73 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SERGIO VIGO CASTRO, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre), para gardar apeiros de labranza, dunha única planta e escasa entidade construtiva, na finca sita no lugar de Soigrexra – Os Ánxeles, de 50 m².

A parcela (6941307NH2464S0001BZ) onde se pretende construír o alpendre, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), a menos de 100 metros da canle do Rego de Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia asinada o 12/03/2020 (Expte. DH.W15.68909) e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O alpendre situarase mínimo a 8 metros do eixo do vial, e mínimo a 3 metros dos lindeiros laterais e posteriores.
- Estará convenientemente rematado, revestido e pintado, e a súa cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 167,66 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 232,23 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN MANUEL MOSQUERA CARNOTA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras nunha nave sita en Sabaxáns nº 24 – Bastavales, para garantir a conservación e as condicións de estanquidade e illamento:

- Substitución da cubrición da cuberta formada por placas de fibrocemento e translúcidas por panel sandwich de chapa de 40 mm. de espesor con catro bandas translúcidas de policarbonato de 30 mm., e colocación dun aireador; sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.
- Reparar o aseo para adaptalo a persoas con mobilidade reducida e construír un vestíbulo previo de acceso a este.

A edificación na que se pretenden realizar as obras, (8314106NH2481S0001PQ) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 247,03 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 311,60 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda en Casaldoeiro, derivando o condutor RZ 50 existente en apoio HV 250-9 existente e mediante a realización dun paso aéreo subterráneo (P.A.S) tender con condutor XZ1 2x50 ata a ubicación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude

total de 3,00 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, de data 18/02/2020, visado nº 486/20-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº7410727NH2471S0000SL), está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e nela estase a construír unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 19/04/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 359,66 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,39 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 75,96 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Bello Rilo que di actuar en representación de DIEGO MARTÍNEZ ABEIJÓN, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Bemil nº 35 – Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 19.04.2018 concedeu licenza de obra maior para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Bemil 35, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Antonio Bello Rilo, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.01.2018 e documentación complementaria visada o 06.03.2018 e o 27.03.2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto José Antonio Bello Rilo visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.02.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 340,26 euros.

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 404,83 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMÓN RODRÍGUEZ CAMPOS, na que solicitan licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Soutullos nº 28 – Bastavales.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local do 18.10.2008 concedeu licenza de obra maior para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Soutullos nº 28, segundo proxecto redactado polo arquitecto Fernando Palomino Barba.

2. Con data 18.10.2011 a Xunta de Goberno Local concedeu unha prórroga de 2 anos do prazo de finalización das obras.

3. Con data 15.11.2013 (r.e: 4268) solicítase licenza de primeira ocupación.

4. Con data 11.12.2013 realízase visita de comprobación ao lugar por parte da arquitecta técnica municipal, segundo o cal:

- Considerase que a vivenda foi executada de acordo á documentación técnica aprobada.
- O fronte de parcela (cesión obrigatoria) non se atopa rematado tal e como se reflectiu no proxecto para o cal se obtivo a licenza de obra. Xa que se trata dunha parcela urbana e debendo de acadar esta as condicións de solar co fin de garantir as condicións impostas polo artigo 19 da LOUGA, impúxoselles aos promotores un aval de 1.600€.
- O fronte da parcela deberase executar conforme se indica no proxecto.

5. Con data 02.04.2014 notifícase resolución pola que tense por desistido ao interesado da solicitude de licenza de primeira ocupación dado que non realizou as obras de urbanización requiridas.

6. Con data 31.10.2017 solicita devolución do aval depositado para as obras de urbanización, que non foi devolto por carecer da licenza de primeira ocupación.

7. Con data 05.06.2018 solicita novamente licenza de primeira ocupación xuntando memoria xustificativa da situación dos espazos de cesión das parcelas edificadas máis próximas e que carecen de beirarrúas.

8. Con data 04.05.2020 achéganse fotos do fronte da fachada nas que se pode comprobar que foi pavimentado o espazo situado fora da aliñación e construídas as beirarrúas.

9. Realízase visita por parte dos servizos técnicos o día 20.05.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Fernando Palomino Barba, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 05.11.2013, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE TERRAZAS.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Manuel Rey Pérez, na que solicita licenza para a instalación dunha terraza na vía pública, anexa ao establecemento hostaleiro “Kratos”, sito na Avda. de Noia nº 7 – Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1) e a terraza preténdese instalar nunha vía de titularidade autonómica, AC-543, “Vidán (rotonda de Brandía) – Noia (AC-550), nun treito urbano, ocupando o espazo entre a liña límite de edificación e a estrada, dominio público.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe desfavorable da arquitecta municipal no que se sinala que a terraza ocuparía o espazo de dominio público, no que non se autorizan instalacións que carezan de interese ou uso público, e que non garante as condicións actuais de accesibilidade, ao tempo que dificulta o itinerario peonil, acorda:

1º) Non conceder a licenza solicitada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por Lucía Mouriño Rodríguez, na que solicita licenza para a instalación dunha terraza na vía pública, anexa ao establecemento hostaleiro “Taberna o Repouso”, sito na Avda. dos Ánxeles nº 28 – Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1) e a terraza preténdese instalar nunha vía de titularidade autonómica, AC-300, “Os Ánxeles (AC-543) – Picaraña (N-550)”, nun treito urbano, ocupando a beirarrúa e o espazo destinado a aparcadoiro, situado a menos de 6 metros desde o eixo do vial.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe vinculante desfavorable da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade emitido o 21/05/2020 (expte: IF206B 2020/20), no que se sinala que a ocupación do dominio público para a instalación dunha terraza para un negocio hostaleiro non é un uso autorizable en aplicación do artigo 43 da Lei de estradas de Galicia, ao non tratarse dunha instalación de interese ou uso público, e o informe desfavorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a licenza solicitada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González